



VI. ANUNCIOS

A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

RESOLUCIÓN do 16 de xullo de 2012, da Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes, pola que se dá publicidade á aprobación de unidades de admisión e a súa inclusión no Rexistro Galego de Materiais de Base para a Produción de Materiais Forestais de Reprodución.

As publicacións do Real decreto 289/2003, do 7 de marzo, sobre comercialización dos materiais forestais de reprodución e a do Real decreto 1220/2011, do 5 de setembro, polo que modifica o Real decreto 289/2003, incorporan a nosa lexislación nacional a Directiva 1999/105/CE do Consello, do 22 de decembro de 1999, sobre a comercialización dos materiais forestais de reprodución que refunde e actualiza toda a normativa anterior para o efecto.

No punto 1 do artigo 3 do Real decreto 289/2003, antes mencionado, establécese que para a produción de materiais forestais de reprodución destinados á comercialización, se utilizarán unicamente materiais de base autorizados.

O punto 2 do mesmo artigo di que os materiais de base só poderán obter a condición de autorizados se garanten as exixencias establecidas nos anexos II, III, IV ou V, segundo se trate da produción de materiais forestais de reprodución identificados, seleccionados, cualificados ou controlados, respectivamente, e se están referidos a unha unidade denominada unidade de admisión, que estará identificada mediante unha única referencia no correspondente rexistro.

Así mesmo, o punto 2 do artigo único do Real decreto 1220/2011 que modifica o punto 3 do artigo 3 do Real decreto 289/2003, indica que a autorización dos materiais de base para a produción dos materiais forestais de reprodución identificados, seleccionados, cualificados e controlados, a efectuará o órgano competente da respectiva comunidade autónoma, que en Galicia é a Consellería do Medio Rural e do Mar, quen comunicará os ditos materiais de base á Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e Política Forestal do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

O artigo 3 do Decreto 135/2004, do 17 de xuño, polo que se crea o Rexistro Galego de Materiais de Base para a Produción de Materiais Forestais de Reprodución, recolle que se deberá solicitar autorización dos materiais de base para a produción de materiais forestais de reprodución para a súa comercialización con destino á selvicultura, á Dirección Xeral de Montes, como órgano competente da Administración da comunidade autónoma nesta materia, quen resolverá de acordo co artigo 4 do mencionado decreto.

Segundo o artigo 1.3 do Decreto 135/2004, a Dirección Xeral de Montes procederá á inscrición do material de base autorizado no Rexistro Galego de Materiais de Base.

O artigo 13.1 do Decreto 46/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Mar, e do Fondo de Garantía Agrícola recolle as funcións da Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes.

En consecuencia, realizada a comprobación do cumprimento dos requisitos mínimos para a autorización dos materiais de base destinados á produción de materiais de reprodución das categorías identificado, seleccionado e cualificado, conforme o disposto nos anexos II, III e IV, respectivamente, do Real decreto 289/2003, e de acordo co disposto na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e demais normativa aplicable, a Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes, mediante a Resolución do 11 de xullo do 2012, procedeu á autorización de tres unidades de admisión da categoría «material identificado» de *Quercus robur* L.; dunha unidade de admisión da categoría «material seleccionado» de *Pseudotsuga menziesii* Franco.; dunha unidade de admisión da categoría «material seleccionado» de *Quercus rubra* L.; dunha unidade de admisión da categoría «material cualificado» de *Prunus avium* L. e de sete unidades de admisión da categoría «material cualificado» de *Híbridos artificiais de Castanea sativa* Mill. no territorio da Comunidade de Galicia que aparece relacionado no anexo desta orde, así como á súa inscrición no Rexistro Galego de Materiais de Base para a Produción de Materiais Forestais de Reprodución.

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2012

Tomás Fernández-Couto Juanas
Secretario xeral de Medio Rural e Montes

ANEXO

Especie: *Quercus robur* L.

Nº rex.	Código galego	Código estatal	Localización	Pertenza	Provincia	Concello	Solicitante autorización do material de base	Lonxitude	Latitude	Alt. (m)	Superficie (ha)	Cat. MFR	Tipo MB	Autenticidade MB
189	ES/27/qro/1/01/1/1/1	FS-41/01/27/007	Pazo de Cartelos - Cartelos	Particular	Lugo	Carballedo	Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes	7°50'00"O	42°34'00"N	600	45,00	I	FS	Autóctono
190	ES/15/qro/1/01/1/1/1	RS-41/01/15/003	Casa do Gado (Pazo)	Particular	A Coruña	Sobrado	Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes	8°00'00"O	43°02'00"N	480	12,00	I	FS	Autóctono
191	ES/36/qro/1/01/1/1/1	RS-41/01/36/003	Cachafeiro	Municipal	Pontevedra	Forcarei	Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes	8°19'00"O	42°34'00"N	580	1,10	I	FS	Autóctono

Especie: *Pseudotsuga menziesii* Franco.

Nº rex.	Código galego	Código estatal	Localización	Pertenza	Provincia	Concello	Solicitante autorización do material de base	Lonxitude	Latitude	Alt. (m)	Superficie (ha)	Cat. MFR	Tipo MB	Autenticidade MB

192	ES/36/pme/2/01/2/2/2	RS-34/01/36/001	Monte Agüeiros, núm. 1 UP Arosa	Entidade Local Menor de Arcos da Condesa	Pontevedra	Caldas de Reis	Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes	8°37'17"O	42°35'34"N	220	1,50	S	RS	Non autóctono
-----	----------------------	-----------------	---------------------------------	--	------------	----------------	--	-----------	------------	-----	------	---	----	---------------

Especie: *Quercus rubra* L.

Nº rex.	Código galego	Código estatal	Localización	Pertenza	Provincia	Concello	Solicitante autorización do material de base	Lonxitude	Latitude	Alt. (m)	Superficie (ha)	Cat. MFR	Tipo MB	Autenticidade MB
193	ES/32/qru/2/05/2/2/2	RS-48/05/32/001	Rouso - Trandeiras	Particular	Ourense	Xinzo de Limia	Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes	7°39'42"O	42°6'42"N	620	1,78	S	RS	Non autóctono

Especie: *Prunus avium* L.

Nº rex.	Código galego	Código estatal	Nome clon	Solicitante autorización do material de base	Cat. MFR	Tipo MB
194	ES/-pav/3/-/5/2/2	CL-Q-95/Lourizán-2	Lourizán-2	Centro de Investigación Forestal de Lourizán Subdirección Xeral de Innovación e Experimentación Agroforestal	Cualificado	Clon

Especie: *Híbridos artificiais de Castanea sativa* Mill.

Nº rex.	Código galego	Código estatal	Nome clon	Solicitante autorización do material de base	Cat. MFR	Tipo MB
195	ES/-csa/3/-/5/2/2	CL-Q-721/Maceda_C003	Maceda_C003	Tragsa, S.A. – Viveiro de Maceda	Cualificado	Clon
196	ES/-csa/3/-/5/2/2	CL-Q-721/Maceda_C004	Maceda_C004	Tragsa, S.A. – Viveiro de Maceda	Cualificado	Clon
197	ES/-csa/3/-/5/2/2	CL-Q-721/Maceda_C042	Maceda_C042	Tragsa, S.A. – Viveiro de Maceda	Cualificado	Clon
198	ES/-csa/3/-/5/2/2	CL-Q-721/Maceda_C053	Maceda_C053	Tragsa, S.A. – Viveiro de Maceda	Cualificado	Clon
199	ES/-csa/3/-/5/2/2	CL-Q-721/Maceda_P011	Maceda_P011	Tragsa, S.A. – Viveiro de Maceda	Cualificado	Clon
200	ES/-csa/3/-/5/2/2	CL-Q-721/Maceda_P042	Maceda_P042	Tragsa, S.A. – Viveiro de Maceda	Cualificado	Clon
201	ES/-csa/3/-/5/2/2	CL-Q-721/Maceda_P043	Maceda_P043	Tragsa, S.A. – Viveiro de Maceda	Cualificado	Clon

Alt.: altitude.

Cat.: categoría.

MFR: material forestal de reprodución.

MB: material de base.

I: material identificado.

S: material seleccionado.

CU: material cualificado.

FS: fonte sementeira.

RS: moureira selecta.

[Ir á anterior](#)[Ir á sección](#)[Ir á seguinte](#)© Xunta de Galicia. Información mantida e publicada na internet pola Xunta de Galicia
Oficina de Rexistro Único e Información | Suxestións e queixas | Aviso legal | Atendémolo/a